**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA**

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

**CURSO 2021-2022**

**CEIP  ALEJANDRO RODRÍGUEZ  CADARSO**

MARÍA  JESÚS AGRAFOJO FERNÁNDEZ

# ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Introdución

1.1.1. Obxectivos xerais.

1.1.2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias

1.2. Contextualización

2. CONTIDOS SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

2.1 Primeiro Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe.

2.2 Segundo Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe.

2.3 Terceiro Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe.

2.4 Cuarto Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe.

2.5 Quinto Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe

2.6 Sexto Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe

2.7 Temporalización.

3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

5. EVALUACIÓN INICIAL : DIRECTRICES E INSTRUMENTOS.

6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN

7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

8. METODOLOXÍA

9. EDUCACIÓN EN VALORES.ENSINANZAS TRANSVERSAIS

10. MATERIAIS E RECURSOS

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

**16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
**17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**
**18. ENSINO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL .**
**19. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.**

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1 Introdución

A ensinanza das relixións contribúe, de maneira relevante, a que as nenas e os nenos desenvolvan as súas capacidades, reciban unha formación integral e alcancen o desenvolvemento pleno da súa personalidade.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha larga tradición no sistema educativo español e respondendo a razons profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantizada polo Acordo suscrito entre o Estado español e  a Santa Sede sobre Ensinananza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que  se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A LOMCE (Ley Orgánica 8/2013 de 9 de diciembre, para a Mellora da Calidade Educativa) modifica a  LOE (Ley Orgánica de Educación, 2006) pero mantén algúns elementos que xa estaban presentes na LOE. Así, corresponderá á autoridade relixiosa a determinación do currículo e dos estándares de aprendizaje evaluables que permitan a comprobación do logro dos obxetivos e adquisición das competencias correspondentes á asignatura de Relixión. Igual que na LOE, sigue sendo unha asignatura de oferta obligatoria para los centros, e voluntaria para o alumnado.

Coa Ley Orgánica 8/2013 de 9 de diciembre, para la Mellora da Calidade Educativa  a Conferencia Episcopal Española da a coñecer, o 11 de febreiro de 2015, o Currículo de Religión e Moral Católica.

### 1.1.1 Obxectivos xerais.

<u>Obxectivos xerais de Educación Primaria:</u>

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con minusvalía.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

n) Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

Obxectivos xerais da área de Relixión Católica:

a) Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.

b) Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.

c) Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estructura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.

d) Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.

e) Valorar a novidade do amor de Deus salvándonos do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, valorando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

f) Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.

g) Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida, o fundamento para o estilo de vida cristiá.

h) Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa gracia nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstoles e os seus sucesores.

i) Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.

j) Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do comportamento cristián.

k) Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

l) Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.

### 1.1.2 **Contribución da área ao desenvolvemento das competencias.**

As competencias clave do currículo son as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

3. Competencia dixital (CD).

4. Aprender a aprender (CAA).

5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

**1.2 Contextualización.**

O CEIP "A. Rodríguez Cadarso" pertence ao concello de Noia, (A Coruña), situado na localidade de " Barquiña", parroquia de Santa Cristina de Barro.

Dende o punto de vista económico a maior parte da poboación activa dedícase a labores relacionadas co sector primario (marisqueo). e terciario, traballando tanto os pais como as nais.

O nivel de vida pódese situar nun termo medio.

Na maioría das familias a lingua habitual é o castelán, e nunha porcentaxe moi baixa o galego.

2. **CONTIDOS SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN**

**2 .1 Primeiro Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe.**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | | |
| - A Creación como agasallo de Deus.<br>- O home, obra mestra da Creación.<br>- A comunicación do home con Deus. | 1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.<br>2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.<br>3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus. | 1.1. Coñece, respecta e coida a obra creada.<br>1.2. Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.<br>2.1. Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.<br>3.1. Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.<br>3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |
| Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia | | | |
| - Deus acompaña o home na historia.<br>- Deus fálalles aos homes como amigos. | 1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home. | 1.1. Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Moisés para ser o seu amigo.<br>1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | acompañamento, colaboración, etc. | |
| Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | | | |
| - Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e medra nunha familia.<br>- Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús.<br>- Xesús morreu para a nosa salvación. | 1. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.<br>2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús. | 1.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.<br>2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |
| Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa | | | |
| - A Igrexa, familia de Xesús.<br>- Espazo e tempo sagrado na Igrexa.<br>- O domingo, día dedicado ao Señor. | 1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.<br>2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.<br>3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial. | 1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.<br>2.1. Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.<br>3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |
| Competencias clave (CC); comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP); conciencia e expresións culturais (CEC). | | | |

**2.2 Segundo Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe.**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | | |
| • Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade.<br>• Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade | 1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.<br>2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.<br>3. Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.<br>4. Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade. | 1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.<br>2.1. Descobre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.<br>3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.<br>4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.<br>4.2. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación.<br>4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |
| Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia | | | |
| | | | CCL |

| | | | |
|---|---|---|---|
| • A Biblia narra o que Deus fixo na historia.<br>• Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos Patriarcas.<br>• Deus propón ao home un camiño de encontro con El. | 1. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.<br>2. Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.<br>3. Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home. | 1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.<br>1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.<br>2.1. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.<br>2.2. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.<br>3.1. Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel. | CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |
| Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | | | |
| • Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home.<br>• O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.<br>• O Nadal: nacemento do Salvador. | 1. Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.<br>2. Aprender o significado do tempo de Advento.<br>3. Identificar o significado profundo do Nadal. | 1.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.<br>1.2. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.<br>2.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.<br>2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.<br>3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal. | |
| Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa | | | |
| • O Bautismo: incorporación á Igrexa.<br>• A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai.<br>• Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico. | 1. Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.<br>2. Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.<br>3. Tomar conciencia de que o Pai xera a unidade da Igrexa.<br>4. Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos. | 1.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.<br>1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.<br>2.1. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.<br>3.1. Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.<br>3.2. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.<br>4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD<br>CEC |
| Competencias clave (CC); comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP); conciencia e expresións culturais (CEC). | | | |

**2.3 Tercer Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CCC |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | | |
| - A realidade que nos rodea como don para a nosa felicidade.<br>- Respostas do home ao don de Deus.<br>- Ruptura do home con Deus: Adán e Eva. | 1.Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorno son un don de Deus para a súa felicidade.<br>2.Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.<br>3.Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus. | 1.1. Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo.<br>1.2. Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.<br>2.1. Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.<br>3.1. Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia | | | |
| - A vocación de Moisés para liberar o seu pobo.<br>- A Alianza de Deus | 1.Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.<br>2.Recoñecer as | 1.1. Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.<br>1.2. Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.<br>2.1. Expresa graficamente momentos significativos da tarefa de Moisés | CCL<br>CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| co pobo de Israel.<br>- O coidado de Deus co seu pobo: signos de amizade (a nube, o maná, a auga...). | consecuencias da Alianza de Deus con Israel.<br>3.Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo. | para liberar o pobo.<br>2.2. Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.<br>3.1. Deseña de xeito ordenado viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do seu pobo polo deserto.<br>3.2. Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos. | CEC<br>CSC<br>CD |
| Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | | | |
| - O Bautismo de Xesús: comezo da misión.<br>- A misión de Xesús é facer felices os homes.<br>- O seguimento de Xesús. Diferentes respostas á chamada de Xesús. | 1. Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.<br>2. Distinguir como Xesús fai felices os homes cos seus xestos e accións.<br>3. Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada. | 1.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.<br>2.1. Descobre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices os homes.<br>2.2. Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.<br>3.1. Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa | | | |
| - A Igrexa, | 1. Identificar e | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| continuadora da misión de Xesús.<br>- Os cristiáns expresan a amizade con Deus no diálogo con El e a través da súa vida.<br>- O Nosopai, signo de pertenza á comunidade cristiá. | valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.<br>2 Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.<br>3. Descubrir trazos da amizade con Deus na vida cotiá.<br>4. Comprender que a oración do Nosopai expresa a pertenza á comunidade eclesial. | 1.1. Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.<br>1.2. Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.<br>2.1. Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.<br>2.2. Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.<br>3.1. Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.<br>4.1. Explica significativamente a orixe do Nosopai.<br>4.2. Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Competencias clave (CC); comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP); conciencia e expresións culturais (CEC). | | | |

**2.4. Cuarto Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe.**

.

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | | |
| • A experiencia do pecado nos relatos das relixións antigas.<br>• O perdón como necesidade do ser humano. | 1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.<br>2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz. | 1.1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.<br>1.2. Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu contorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.<br>2.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia | | | |
| • O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus.<br>• Deus está sempre disposto ao perdón.<br>• Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.<br>• David sente na súa vida a necesidade de redención.<br>• Deus fiel promete un Mesías | 1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.<br>2. Coñecer as características do perdón de Deus.<br>3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.<br>4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.<br>5. Aprender e lembrar historias | 1.1. Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.<br>1.2. Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.<br>2.1. Descobre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.<br>3.1. Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.<br>4.1. Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | bíblicas nas que Deus promete o Mesías. | perdoado.<br>4.2. Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.<br>5.1. Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías | |
| Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | | | |
| • O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.<br>• Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados.<br>• Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús. | 1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.<br>2. Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.<br>3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.<br>4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai. | 1.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.<br>2.1. Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.<br>3.1. Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos.<br>4.1. Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.<br>4.2. Distingue e explica frases do relato da oración da Horta das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| • O sacramento da Reconciliación.<br>• A celebración da Eucaristía.<br>• A Coresma: tempo penitencial. | 1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.<br>2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.<br>3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial. | 1.1. Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.<br>1.2. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.<br>2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.<br>3.1. Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Competencias clave (CC); comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP); conciencia e expresións culturais (CEC). | | | |

**2.5. Quinto Curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe.**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe evaluables | CCC |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | | |
| A persoa humana foi creada con desexo de ben.<br>O ser humano sinte alegría cando realiza ou recibe o ben. | 1. Recoñecer ou estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.<br>2. Esforzarse por identificar que | 1.1 Localiza, ó traveso de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os rasgos máis significativos.<br>2.1 Justifica críticamente as consecuencias que se derivan de | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | a adhesión ó ben xera felicidade. | facer o ben.<br>2.2 Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben. | |
| Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia | | | |
| Deus fai alianza co seu pobo.<br>Deus desexa un pobo santo: os dez mandamentos.<br>A Biblia: estrutura e composición. | 1. Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.<br>2. Comprender e respetar as características do pobo que Deus quer contidas no decálogo.<br>3. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.<br>4. Explicar os diferentes autores e momentos da historia en que se compuxo a Biblia. | 1.1 Define o termo bíblico de Alianza.<br>1.2 Explica e sintetiza os rasgos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.<br>2.1 Clasifica e é consciente do contido do decálogo.<br>2.2 Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.<br>3.1 Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.<br>4.1 Confecciona materiais para ubicar cronolóxicamente os principais libros da Biblia. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| O encontro con Xesús desvela á persoa a súa verdadeira identidade.<br>Os signos do reino: as milagres.<br>A resurreción: cumprimento do plan salvífico de Deus. | 1. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.<br>2. Coñecer e Interpretar o significado das milagres de Xesús como acción de Deus.<br>3. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte. | 1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou el encontro con Xesús en alguns das personaxes que aparecen nos evanxeos.<br>2.1 Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgunhas milagres.<br>2.2 Dramatiza con respeto algunhas milagres narradas nos evanxeos.<br>3.1 Sinala afirmacións dos testigos recollidas nos primeiros capítulos dos Hechos de los Apóstoles onde se recoñece que a resurreción é acción de Deus.<br>3.2 Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos.<br>3.3 Busca e explica signos e xestos da comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa | | | |
| A Igrexa: ministerios e servizos.<br>A Eucaristía, renovación do sacrifico de Xesús na cruz. | 1. Coñecer e respetar a composición da Igrexa.<br>2. Identificar o vínculo que existe entre a Última Cena e a paixón, morte e resurreción de Cristo. | 1.1 Identifica e describe os rasgos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.<br>2.1 Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.<br>2.2 Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |

| |
|---|
| Competencias clave (CC); comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP); conciencia e expresións culturais (CEC). |

**2.6. Sexto curso. Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de Aprendizaxe.**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CCC |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | | |
| • A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.<br>• A plenitude do ser humano está na relación con Deus. | 1. Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.<br>2. Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.<br>3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana se alcanza na relación con Deus.<br>4. Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana. | 1.1. Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.<br>2.1. Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.<br>3.1. Descobre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.<br>4.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| • O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus.<br>• Os libros sapienciais enriquecen a humanidade. | 1. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia. | 1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.<br>1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.<br>1.3. Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | | | |
| • Xesucristo, desvela o Pai.<br>• As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.<br>• Xesús envía os discípulos para continuar coa súa misión salvífica. | 1. Distinguir que a través Xesús atopamos a Deus.<br>2. Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.<br>3. Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa. | 1.1. Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.<br>1.2. Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.<br>2.1. Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos.<br>3.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.<br>3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa. | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| • Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.<br>• A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz.<br>• Os cristiáns, testemuñas da resurrección. | 1. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.<br>2. Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.<br>3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado | 1.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.<br>1.2. Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.<br>2.1. Sinala e explica os principais signos pascuais.<br>2.2. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao se atoparen co Resucitado.<br>3.1. Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado | CCL<br>CAA<br>CEC<br>CSC |
| Competencias clave (CC); comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP); conciencia e expresións culturais (CEC). | | | |

## 2.7 Temporalización

Tendo en conta o calendario para o curso académico 2020-2021, e atendendo ás sesións que lle corresponden esta área, distribuiremos as unidades didácticas por trimestres, pero, tendo sempre en conta que esta temporalización é flexible en función dos intereses dos nenos/as, festivos, ou imprevistos que poidan xurdir en xeral ou derivados da situación provocada pola pandemia COVID en particular.

Os contidos distribuiranse de maneira proporcional ao longo dos tres trimestres do curso coidando que, os que a temática coincide con acontecementos a celebrar no calendario litúrxico cristiá, tales como Nadal, Semana Santa,etc se impartan intentando coincidir con estas celebracións.

## 3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| | ***Procedementos*** | | |
|---|---|---|---|
| | *Escritos* | *Orais* | *Observación directa e sistemática* |
| ***Instrumentos*** | • Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.<br>• Caderno de clase do alumno.<br>• Arquivo individual (PROXECTOS).<br>• Actividades de avaliación (fichas fotocopiables, probas escritas individuais...).<br>• Traballos de grupo.<br>• Resolución de exercicios e problemas.<br>• Actividades interactivas. | • Preguntas individuais e en grupo.<br>• Participación do alumno/a.<br>• Intervencións na clase.<br>• Postas en común.<br>• Entrevistas.<br>• Probas orais individuais.<br>• Exposicións orais. | • Escalas.<br>• Listas de control.<br>• Rexistros anecdóticos persoais.<br>• Rexistros de incidencias.<br>• Ficha de rexistro individual. |

## 4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno a través de todas as actividades que leve a cabo. Ao principio do curso, o mestre informará aos alumnos/as de cales van ser os criterios de cualificación que se van a seguir.

| | *Criterios* |
|---|---|
| 1. Traballo autónomo (aula, outros espazos). | • Realización sen axuda externa.<br>• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.<br>• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.<br>• Orde e limpeza na presentación.<br>• Caligrafía.<br>• Destrezas.<br>• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.<br>• Creatividade. |
| 2. Probas orais e escritas. | • Valoración da aprendizaxe dos contidos.<br>• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.<br>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.<br>• Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.<br>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.<br>• Caligrafía lexible.<br>• Tempo de realización.<br>• Destrezas. |
| 3. Actividades TIC. | • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.<br>• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.<br>• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).<br>• Grao de elaboración da resposta.<br>• Interese, motivación. |
| 4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...). | • Nivel e calidade das intervencións.<br>• Mensaxe estruturada.<br>• Uso de vocabulario apropiado.<br>• Comportamento.<br>• Esforzo.<br>• Interese. |

| | |
|---|---|
| 5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal. | • Capacidade de traballo cooperativo.<br>• Grao de comunicación cos compañeiros.<br>• Resolución de conflitos.<br>• Interese, motivación.<br>• Creatividade.<br>• Iniciativa.<br>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo. |
| 6. Arquivo de traballo individual. | • Presentación clara e ordenada.<br>• Actualizado.<br>• Razoamento da selección das producións que forman o arquivo. |
| 7. Experiencias e traballos de investigación. | • Uso adecuado dos manuais de consulta (enciclopedias, dicionario...) e de Internet.<br>• Correcta selección, interpretación e síntese da información.<br>• Espírito de cooperación e compañeirismo… |

Estes valoraranse de acordo ás seguintes porcentaxes: A porcentaxe mínima esixible para conseguir aprobar é dun 50%.

**Porcentaxe**

- Actitude cara a materia: 10%
- Respecto polas normas e os demais 10%
- Cooperación cos demáis e axuda mutua 10%
- Traballo diario: 10%
- Realización dos exercicios 10%
- Participación e motivación na aula: 10%
- Interese cara ao traballo escolar 10%
- Consecución dos obxectivos das unidades didácticas que gardan estreita relación cos contidos e estándares de aprendizaxe establecidos no currículo oficial: 30%

A nota global será a suma de todos os apartados.

## 5. EVALUACIÓN INICIAL. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS.

Ao comezo do curso farase unha avaliación inicial para comprobar a situación de partida dos alumnos, adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar o seu proceso de aprendizaxe, para

adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas.

## 6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN

A o largo do curso prestarase especial atención ao alumnado que non ten a área superada, insistindo máis nos contidos nos que ten máis dificultades.

Para eso utilizarase materiaies de reforzo que busquen ser máis motivadores ao longo do curso.

## 7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Trátase de explicitar, como no caso que propoñemos, en que espazos se van desenvolver as aprendizaxes e a diversidade de propostas establecidas.

Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...).

Os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma.

Na organización dos espazos terase sempre en conta os previstos polos protocolos COVID mentres dure a actual situación de pandemia.

## 8. METODOLOXÍA

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A **integración** das **Competencias** e das **Intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita, hipótese, comprobación, conclusións, resolución de problemas...) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno.

As distintas actividades buscarán que os alumnos poidan desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van utilizar, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais.

As actividades buscarán tamén ofrecer a todo o alumnado a oportunidade e a axuda necesaria para ter éxito no proceso de aprendizaxe e aumentar a motivación e o interese do

alumnado.

Predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

A conxunción do traballo individual e o colectivo, das actividades na clase, e da reflexión e da resolución práctica contribúe a asentar o coñecemento integrado e globalizado do medio social, natural e cultural que o envolve.

Buscarase en todo momento que o que o alumnado aprenda, sirva para a vida así como que permita desenvolver a capacidade constante de aprender.

Á hora de avaliar, a rúbrica de avaliación convértese para o profesor nun instrumento ou guía dunha serie de criterios avaliables de coñecementos e competencias, en distintos graos de consecución, logrados polo alumno.

O uso das TIC en Relixión Católica facilita a observación de procesos e procedementos, a manipulación-elaboración de exercicios e dótaas dun compoñente lúdico e motivacional.

Este curso as TIC terán un especial papel e introduciranse de forma significativa na aula para que o alumno se familiarice con elas ante unha eventual situación de ensinanza semipresencial ou non presencial.

Co fin de que o alumno e a alumna alcancen os obxectivos da área de Relixión e Moral Católica, potenciaremos que o alumno/a parta sempre do plano da propia experiencia, de todo aquilo que lle evoque vivencias persoais e da realidade máis inmediata para alcanzar o plano da relixión e se abra á transcendencia.

Buscarase un proceso de ensinanza-aprendizaxe que leve ao desenvolvemento integral da persoa.

## 9. EDUCACIÓN EN VALORES. ENSINANZAS TRANSVERSAIS

**Educación para a igualdade entre os sexos**

— Fomentar o rexeitamento ante calquera discriminación por razón de sexo.

**Educación do consumidor**

— Identificar costumes e tradicións do Nadal.

— Identificar aspectos necesarios para vivir e ser feliz.

**Educación ambiental**

— Amosar interese por respectar e coidar a natureza creada por Deus.

**Educación para a saúde e a calidade de vida. Educación sexual**

— Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal.

— Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade.

**Educación para a paz**

— Comprometerse en acoller.

— Aprender a compartir.

— Valorar o perdón como base para a convivencia.

— Amosar gratitude polo amor recibido.

— Apreciar e respectar as celebracións de Semana Santa.

— Transmitir alegría e felicidade.

**Educación moral e cívica**

— Interesarse por coñecer os compañeiros.

— Identificar actitudes baseadas no Amor.

— Comprometerse en ser solidario.

— Valorar a pertenza a un equipo e os seus logros.

— Participar nas tarefas domésticas.

— Reflexionar sobre a propia actitude de coidado dos demais.

— Respectar o templo dos cristiáns.

**Educación viaria**

— Coñecer e respectar as normas básicas para desprazarse como peóns e como usuarios dun medio de transporte.

***Educación para a convivencia***

- Identificar as accións baseadas no amor: axudar, ensinar, compartir, facer rir.
- Participar nas tarefas domésticas.
- Interesarse por formular propósitos e esforzarse por cumprilos en relación ao amor aos demais.
- Reflexionar sobre a propia actitude de coidado dos demais.
- Respectar o templo dos cristiáns.

## 10. **MATERIAIS E RECURSOS**

Na realización da presente programación didáctica imos precisar uns recursos e materiais para o correcto desenvolvemento da mesma:

- Convencionais: encerado, encerado dixital, biblioteca de aula,…
- Ferramentas tecnolólóxicas: ordenadores, canón de video, páxinas de Internet, aula virtual…
- Libros: a Biblia (infantíl e xuveníl), contos, comics, libros de personaxes sagrados…
- Materiais diversos: xornáis, láminas, fotografías…
- Humanos: mestres, pais, visitas,….

## 11. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Para incorporar as TIC usaranse unha serie de recursos integrados cos contidos e actividades da área de Relixión Católica.
Aproveitaranse tamén ligazóns e recursos educativos de Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
Recursos dixitais na web e na aula virtual do colexio.
Para a elaboración de material educativo tanto por parte do alumnado como do profesorado, consulta de información para traballos, ou ben usando actividades interactivas disponibles en internet solicitarase o uso da aula de informática ou ben usarase o soporte dixital existente nas aulas tales como encerado dixital interactivo, proxectores, ordenadores, etc cando sexa o ensino presencial.
En circunstancias de ensino semipresencial ou non presencial adaptarense as actividades tendo en conta os recursos dixitais de cada familia buscando evitar desigualdades na aprendizaxe.

## 12. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

Dentro das actividades que se realizarán para a contribución ao plan lector do centro buscando reforzar continuamente unha boa actitude ou motivación cara á lectura figuran :

- Lectura do libros da biblioteca do centro ou de outras bibliotecas coas que o centro teña convenio.

- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...)..
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Uso de libros, revistas, etc para a realización de traballos de investigación motivando aos nenos para que sexan capaces de buscar respostas por eles mesmos, utilizando como instrumento útil os libros.

## 13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

As actuacións encaminadas a contribuir ao plan de convivencia no centro buscarán o desenrolo de comportamientos adecuados para convivir mellor e prever conflictos aspecto moi vinculado á área de Relixión Católica xa que nesta figura como síntese de mensaxe cristiá a búsqueda do respeto aos demáis e a búsqueda dunha mellor convivencia.

## 14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O uso do idioma galego na área de Relixión Católica tanto de forma oral ou escrita como no uso preferente no material de consulta e  a colaboración en calquera actividade proposta polo ENLG serán as acción a realizar.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participarase en tódalas actividades que se recollan no Proxecto Educativo a nivel  de centro e a maiores na área de Relixión Católica realizaranse as actividades seguintes:
-Celebración do Nadal .
-Celebración do Día da Paz.
-Conmemoración de Sto. Tomás de Aquino.
-Participación en datas sinaladas colaborando con actividades organizadas por outros.
-Actividades alternativas durante os recreos.
-Actividades especiais nos tempos litúrxicos fortes de Nadal e Pascua.
Este curso todas as celebracións e actividades complementarias , celebraranse dun xeito diferente, evitando aglomeracións, mesturas de alumnado de diferentes niveis. Cumpriranse todos os protocolos da COVID: ventilación, máscaras, distancia de seguridade, hixiene,...
Terase en conta a evolución da pandemia para a celebración de actividades extraescolares e saídas educativas

## 16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A intervención educativa terá en conta ós alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Todo o que se faga nesta asignatura será dacordo co diagnóstico psico-pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación .

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal.

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para iso adóptanse as seguintes medidas:

a. Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elexíndose en cada caso o máis apropiado.

b. Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades.

c. Utilizar metodoloxías diversas.

d. Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.

e. Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos.

f. Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos; para iso, cómpre diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula para a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

**Ferramentas comúns de avaliación competencial**

- Rexistro de avaliación de cargos asignados e obxectivos de grupo cooperativo.
- Gráfica de autoavaliación no seguimento de destrezas grupais.
- Rúbrica para a avaliación da exposición de traballos.
- Diario reflexivo no desenvolvemento da metaaprendizaxe.

- Rúbrica da expresión escrita.
- Rexistro de avaliacións de resumos.
- Rúbrica de espírito emprendedor e liderado.
- Avaliación de exposición con apoio en material audiovisual.

**Ferramentas específicas da área de Relixión**

- Escala de observación da comprensión dos relatos bíblicos.
- Rexistro de escoita activa do alumno dos relatos iniciais das unidades.
- Autoavaliación de aprendizaxes sobre persoas e personaxes traballados nas unidades.
- Rúbrica de avaliación de aprendizaxes a partir de obras de arte.
- Rexistro de avaliación da busca de citas na Biblia.
- Rexistro xeral de aprendizaxes sobre valores cristiáns.

## 18. ENSINO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

Materiais e recursos:

Colgar actividades na páxina web do centro.

Propoñer actividades (e posteriores solucións a estas actividades) desde a aula virtual, que este ano estamos poñendo operativa.

Contacto coas familias e o alumnado a través do teléfono, correo electrónico e videoconferencia, por iniciativa do profesor ou de calquera dos alumnos/as ou familiares.

Petición de envío de actividades ao correo ou á aula virtual para a súa corrección e seguimento.

Avaliación e cualificación:

A avaliación será continua, formativa e global, tendo en conta sobre todo os resultados do ensino presencial.

Todas as actividades, traballos feitas nos cadernos e os presentados para a súa valoración terán carácter diagnóstico sempre para beneficiar ao alumnado.

Instrumentos:

Proposta de actividades na páx. web e na aula virtual.

Consulta de dúbidas por teléfono, correo electrónico,...

Envío de traballos específicos para valorar con carácter de diagnóstico as súas aprendizaxes.

## 19. **AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

Realizarase unha avaliación da programación atendendo a:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Adecuación das actividades ao alumnado ás que van dirixidas.
- Modificacións necesarias na metodoloxía de traballo co alumnado.
- Necesidade de novas estructuras e procesos de ensino e aprendizaxe.
- Adecuación e suficiencia dos recursos
- Adecuación da atención á diversidade
- Valoración dos Proxectos Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico
- Temporalidade axeitada.
- Tipoloxía de avaliación e resultados obtidos desta modalidade de avaliación.
- Implicación de todos os participantes
- Grao de satisfacción dos implicados